

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

Resolución do 31 de maio de 2013 do Director Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se nomean os tribunais que xulgarán o proceso selectivo para ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia convocado pola Orde do 23 de marzo de 2013 (DOG do 4 de abril).

TEXTO:

(Escribir a dous espacios)

En cumprimento do sinalado na Orde do 23 de marzo de 2013 (DOG do 4 de abril) pola que se convoca proceso selectivo para ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, resolve:

1º.- Nomear os tribunais que figuran no anexo I, ante os que deberán actuar os aspirantes admitidos/as á realización das probas do proceso selectivo.

Os tribunais constituiranse dentro do prazo máximo de 15 días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, e darán conta de forma inmediata da súa constitución á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

As presidentas ou presidentes tomarán as medidas necesarias para a constitución dos tribunais no prazo indicado.

2º.- Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros dos tribunais que necesiten desprazarse da súa residencia oficial para o exercicio de tal función, tendo dereito a percibir axudas de custo e gastos de viaxes de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción utilizables serán calquera

dos previstos no Decreto 144/2001 de 7 de xuño, modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) debendo entenderse que queda expresamente autorizada a utilización de vehículos propios, de acordo co citado Decreto.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2013
José Manuel Pinal Rodríguez
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

INSÍRASE NO DOG